


DISPOSITIVO INTRAUTERINO (DIU)

DISPOSITIVO LIBERADOR DE COBRE

É un aparato ou dispositivo de plástico recuberto en parte de cobre. Colócase no útero e evita o embarazo polo efecto espermicida do cobre. O tempo de uso do DIU é variable segundo a idade que teñas e o modelo que che coloquen no servizo de saúde.

Ten unha eficacia do 99,2 á 99,4%



DEBES SABER QUE:

- Colócao un/unha profesional cualificado/a.
- Colócase entre o 1º e 7º día da regra.
- Os modelos que están no mercado son de 5, 8 e 10 anos.
- É efectivo dende o mesmo día da colocación.
- Podes empregar tampóns na menstruación con este método.
- Con este método é habitual e normal:
 - As molestias e aumento en cantidade e días de menstruación.
 - Que apareza un pequeno sangrado antes e despois da menstruación.
 - Que apareza un pequeno sangrado ocasional a metade de ciclo.
 - Que aumente a secreción vaxinal de características normais.
 - Que apareza ou aumente a dor menstrual.
- A complicación máis frecuente é a expulsión do DIU que pode pasar inadvertida.
- Se advirtes a expulsión do DIU solicita anticoncepción de urxencia en calquera centro de saúde, puntos de atención continuada e centros de orientación familiar.

NORMAS DE USO:

- Non ter relacións con penetración vaxinal nos 3 días postinserción.
- Non usar tampóns nos 3 días postinserción.
- Observa as compresas que retiras durante a menstruación para comprobar que non se expulsou.
- Fai o tacto dos fíos despois da menstruación.
- É importante que anotes nun calendario o primeiro día de cada unha das túas menstruacións, para coñecer como son os teus ciclos.
- Nos primeiros meses postinserción pode haber sangrados intermenstruais.

DEBES CONSULTAR CANDO:

- Temperatura superior a 37,5º despois da inserción do DIU se non hai outra causa que a xustifique.
- Teñas un atraso na túa menstruación superior aos 7-10 días se tes ciclos regulares.
- Menstruacións moi abundantes, dolorosas e de máis de 10 días de xeito continuado.
- Dor na parte baixa do ventre coincidindo coas relacións coitais que antes da colocación do DIU non tiñas.
- Non encontras os fíos.

Lembra, este método non protexe das Infeccións de Transmisión Sexual. Debes empregar preservativo se pensas que nas túas relacións hai risco de contaxio.